



## Concello do Grove

---

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### Expediente n.º: 695/2020

**Asunto:** Levantamento da suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais.

Dada conta do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como, as súas conseguíntes prórrogas nos Reais decretos 476/2020, de 27 de marzo; Real decreto 487/2020, de 10 de abril e Real decreto 492/2020, de 24 de abril.

Visto o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que foi presentado polo Goberno o pasado 28 de abril, así como, as disposicións, resolucións e recomendacións das autoridades estatais, autonómicas, provinciais, e das asociacións de entidades locais publicadas nos diarios oficiais e achegadas a este Concello, para unha progresiva recuperación da actividade administrativa.

Visto

Visto o artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL) que establece:

*“En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten”*

Dado que neste concello se conta con medios informáticos ou tecnolóxicos para realizar as sesións telemáticas e por videoconferencia.

Visto cando antecede, no exercicio das competencias que me confire o artigo 21.1 letra m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

---

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 9WX56NR2YDY3DDDG6LEZTQY7 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello do Grove

---

**Primeiro.** Levantar a suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos seguintes órganos colexiados municipais, establecida no Decreto da Alcaldía número 2020-0204, do día 17 de marzo de 2020:

- Xunta de Goberno Local
- Pleno da Corporación
- Comisión Informativa Xeral
- Comisión Especial de Contas
- Consellos Locais

**Segundo.** Cando as sesións se realicen de forma presencial, adoptaranse as correspondentes medidas de seguridade, segundo os protocolos sanitarios.

**Terceiro.** Publicar este acordo no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica do Concello, na súa páxina web oficial, así como, trasladalo a todos os Servizos Municipais.

**Cuarto.** Dar conta ao Pleno na próxima sesión que realice.

Mándao e asíno o alcalde na data indicada na marxe do que como secretario da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2. letra 'e' do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

Doumento asinado electronicamente.  
Documento asinado electronicamente.

---

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 9WX56NR2YDY3DDDG6LEZTQY7 | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2